

Venres, 8 de marzo de 2024

Núm. 49

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Persoal, oposicións

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, ÓRGANO DE SELECCIÓN E DATA DE REALIZACIÓN DO 1.º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR 1 PRAZA VACANTE DE OFICIAL DE XARDÍNS (PERSOAL LABORAL FIXO)

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2024-0650, con data de 29/02/2024, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas, o órgano de selección e a data de realización do 1.º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de Oficial de Xardíns (Persoal Laboral Fixo) do Concello de Redondela, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2017, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, no núm.: 25, do 08/02/2021 e no núm.: 152, do 10/08/2022.

As bases específicas para cubrir unha praza vacante de persoal laboral fixo denominada Oficial de Xardíns, equiparada ao grupo C, subgrupo C2 da función pública, categoría Oficial e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2017, mediante o sistema de oposición, polo procedemento de promoción interna, publicáronse no BOPPO núm.: 25, do 08/02/2021.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 11/08/2022 e rematou o día 08/09/2022.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2022-2480, con data de 02/11/2022, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de OFICIAL DE XARDÍNS (Persoal Laboral Fixo), incluída na oferta de emprego público do ano 2017, que se publicou no BOPPO núm.: 215, do 10/11/2022.

O día 24/11/2022 finalizou o prazo establecido de 10 días hábiles para poder presentar reclamacións contra a antedita lista provisional.

Tras non presentarse alegacións contra esta lista provisional durante o antedito prazo e de conformidade coas Bases Xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela, que se publicaron no BOPPO, núm.: 50,



Venres, 8 de marzo de 2024

Núm. 49

do 13/03/2015 xunto coas súas rectificacións publicadas no BOPPO, núm.: 77, do 22/04/2016, núm.: 25, do 08/02/2021 e o núm.: 152, do 10/08/2022 e, de acordo coas bases específicas da convocatoria que se publicaron no BOPPO núm.: 25, do 08/02/2021, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.— Elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas para a cobertura dunha praza vacante de OFICIAL DE XARDÍNS (Persoal Laboral Fixo), mediante o sistema de oposición, polo procedemento de promoción interna.

SEGUNDO.— Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de OFICIAL DE XARDÍNS (Persoal Laboral Fixo), que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTA:

- Titular: Raquel Carracedo Picáns, administrativa do servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Raquel Portela Cajiao, técnica auxiliar en Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra.

SECRETARIA:

- Titular: M.^a Carmen López Duarte, axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Redondela.
- Suplente: Ana M.^a Barreiro Rivas, técnica de Orientación Laboral do Concello de Redondela.

VOGAIS:

- Titular: Rocío de Sinde Penas, técnica de xestión do servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Ana M.^a Osorio Calles, administrativa do servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Rosa Pérez Otero, xefa da Unidade de Loita Biolóxica da Estación Fitopatolóxica Aereiro.
- Suplente: M.^a del Carmen Martínez Abraldes, xefa da sección de Residuos do servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Dionisio Calvarro Sánchez, técnico auxiliar de Mantemento do servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: José Fernando Caeiro Paz, técnico auxiliar de Mantemento do servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.



Venres, 8 de marzo de 2024

Núm. 49

TERCEIRO.— A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

DÍA: 06/05/2024

HORA: 09:00

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

CUARTO.— As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o:

DÍA: 13/06/2024

HORA: 11:30

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

QUINTO.— Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

SEXTO.— Contra a resolución da alcaldesa aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE.

